


XESTIÓN DE QUEIXAS, SUXESTIÓNS E PARABÉNS

MC-02 P1: Anexo 1



Pantalla 1

Antes de acceder ao formulario electrónico lea esta información:

Tramitación

As queixas, suxestións e parabéns poden enviarse de forma anónima. Se o usuario ou usuaria desexa unha resposta deberá facilitar un correo electrónico ou os datos necesarios para unha resposta por correo postal.

Deberán expresarse de xeito claro.

Alcance

As queixas, suxestións e parabéns deberán facer referencia ao funcionamento e á calidade dos servizos prestados polos centros, servizos, oficinas e unidades da Universidade de Vigo.

Quedan excluídas deste procedemento as reclamacións respecto das cualificacións das probas de avaliación, que son xestionadas a través do procedemento establecido no Regulamento de estudantes.

Este sistema é independente das actuacións do Tribunal de Garantías.

As queixas presentadas non terán carácter de recurso administrativo nin a súa presentación interromperá os prazos establecidos na normativa vixente. A presentación de queixas non suporá, en ningún caso, a renuncia ao exercicio doutros dereitos e accións que poida exercer calquera persoa interesada.

Protección de datos de carácter persoal

Os seus datos incorporaranse a unha aplicación informática da Universidade de Vigo. En cumprimento da lexislación vixente, só se utilizarán para responder as queixas, suxestións e parabéns da Universidade de Vigo e, en ningún caso se cederán a terceiros. Poderá exercer o seu dereito de acceso, rectificación, oposición e cancelación mediante un escrito dirixido á Xerencia da Universidade de Vigo.

Unha vez lida, prema aquí para acceder ao formulario

Pantalla 2

FORMULARIO DE QUEIXAS, SUXESTIÓNS E PARABÉNS DA UNIVERSIDADE DE VIGO	
Tipo de incidencia que desexa formular*:	<input type="checkbox"/> Queixa <input type="checkbox"/> Suxestión <input type="checkbox"/> Parabén
Indíquenos a relación que mantén coa universidade (tipo de usuario/o)*:	<input type="text" value="Despregable"/> <input type="text" value="Outros (débesse especificar)"/>
Indique a categoría da unidade sobre a que quere facernos a comunicación:	<input type="text" value="Despregable"/>
Indique o servizo, unidade, oficina, centro, edificio ..., onde foi atendido ou sobre o que quere facernos a comunicación*:	<input type="text" value="Despregable"/>
Explique a súa queixa, petición, suxestión ou os motivos para o seu parabén:	<div style="background-color: #e0e0e0; height: 100px;"></div>
Se desexa unha resposta ou realiza unha petición, indíquenos como prefire que contactemos con vostede*:	<input type="checkbox"/> Correo electrónico <input type="checkbox"/> Correo postal
Enderezo electrónico	<input type="text"/>
Datos completos (necesarios se realiza algunha petición):	
Nome e apelidos	<div style="background-color: #e0e0e0; height: 20px;"></div>
Enderezo postal (lugar, rúa, núm.)	<div style="background-color: #e0e0e0; height: 20px;"></div>
Código postal e poboación	<input type="text" value="Teléfono de contacto"/>
Idioma preferido para recibir a resposta*:	
A comunicación collerá a data e a hora do seu envío Os campos marcados con * son obrigatorios	<input type="button" value="ENVIAR"/> <input type="button" value="IMPRIMIR"/>